


## A BLOQUE 2. NACEMENTO DA TRADICIÓN ARTÍSTICA OCCIDENTAL: A ARTE MEDIEVAL

TEMA.- A ARTE ROMÁNICA. A ARQUITECTURA DO CAMIÑO. O ROMÁNICO DA PENÍNSULA: A CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Contextualización xeral

A arquitectura do Camiño. O románico da península: a Catedral de Santiago

(Contexto catedral)

OBRAS

- Santiago de Compostela: etapas, análise

## CONTEXTUALIZACIÓN XERAL DO ROMÁNICO

NOTA: NO EXAME PRIMEIRO POÑER CONTEXTO DA CATEDRAL E LOGO ESTE NA MEDIDA DO POSIBLE

**Arredor do ano Mil** en Europa:

- Vívese con **estabilidade** tras as invasións do pasado (*sarracenos, normandos*)
- Vívese un **desenvolvemento demográfico e agrícola polo tanto un crecemento**
- Vívese un desenvolvemento da **actividade artística** que vai dar lugar a aparición dun **estilo unitario en Europa: o Románico**. Pódese dicir que **é o primeiro estilo internacional** que se desenvolve en Europa desde a caída do imperio romano.

A **expansión do Románico** foi posible grazas a :

1. **Fin do terror ao ano mil:** toda Europa estaba agradecida a Deus. Iste sentimento de piedade e gratitude manifestouse na **proliferación de construcións relixiosas:** mosteiros, igrexas, catedrais e castelos...
2. **A Expansión monástica:** os mosteiros das ordes relixiosas, que custodian reliquias (coma os Bieitos) **abroiaron por toda Europa**. *Exemplo a Orde de Cluny, estendendo a linguaxe arquitectónica románica.*
3. **As peregrinacións e as Cruzadas.** Foron un elemento que **contribuíu a difusión da arte románica**. *Os camiños de peregrinacións (Roma, Santiago e Xerusalén) son difusores artísticos e culturais.*

Que ocorre desde o punto de vista social e económico?

**Todo isto sucede dentro do marco do Sistema feudal ou feudalismo** no que os **privilexiados (nobreza e clero) teñen o poder político, económico e relixioso** e os converte nos mecenas artísticos da arquitectura. O momento de máximo **auxe do Románico é o século XII e principios do XIII**.

En España o Románico desenvolveuse máis tarde que en Europa. Hai que diferenciar **dúas liñas de penetración:**

- ✓ **O Románico lombardo:** desde Italia penetra por zona pirenaica
- ✓ O Románico cluniacense ou **francés:** penetra a través do Camiño de Santiago.

Este último é o que culmina coa Catedral de Santiago. O Románico español, aínda que ten elementos comúns ao resto do Románico europeo, ten **tamén particularismos** grazas as aportacións visigodas, asturianas, árabes.. que o fan diferente.

## A ARQUITECTURA DO CAMIÑO. O ROMÁNICO DA PENÍNSULA: A CATEDRAL DE SANTIAGO

(Este é o contexto co que hai que comezar)

Santiago de Compostela xurdiu no século IX arredor do sarteiro do apóstolo. O achado, feito polo eremita Paio no ano 813, foi **usado polos monarcas asturianos para consolidar o seu poder político** e serviu para unir a cristiandade fronte ao inimigo: o Islam. A partir de aí en Galiza ten gran poder a **nobreza eclesiástica** (o arcebispo de Compostela) e Santiago convértese nun centro urbano próspero, no que todo xira arredor das peregrinacións .

Neste contexto **comeza a construción a gran catedral románica** que hoxe está moi transformada.

Comézase a catedral románica en 1075 (a terceira construción) sobre os restos dunha edificación anterior realizada por Afonso III e destruída por Almanzor.

A tumba e a catedral deron lugar a **aparición de varios camiños de peregrinación** (o máis importante é o francés) que comunicaron España con Europa e que foron **vía de intercambios culturais e económicos e así foi posible á difusión do estilo románico**.

O edificio **sufrirá moitas modificacións** no seu exterior sobre todo na época barroca deixando oculta a construción románica. As transformacións tamén afectaron ao interior coa inclusión dun baldaquino e a eliminación do coro pétreo de Mestre Mateo.

### COMENTARIO

OBRA: Catedral de Santiago de Compostela

AUTOR: varios. Comitentes Diego Peláez e Diego Xelmirez

CRONOLOXIA: 1075-1211. O Portico da Gloria entre 1168-1188

ESTILO: arquitectura románica de peregrinación

DIMENSIÓNS. 90 lonxitude, 65 transepto



É unha das **máis harmónicas igrexas románicas de peregrinación**.

Nela acádase **o modelo máis perfecto**, tanto en trazado como en proporcións e tamén na articulación.

### Función

É unha igrexa de peregrinación típica polo tanto ten:

- a) Xirola


- b) **Tribunas:** *Necesita acoller a multitude de peregrinos, realizar porcesións no interior, ceremonias multitudinarias, celebrar cerimonias simultáneas, facilitar o acceso ás reliquias, etc...*

### Material

É un edificio feito en **cantería de granito** de alta calidade. Predomina o **macizo sobre o van** pero con bastante iluminación. Incluso o tellado era e é de pedra.

### Planta

- ✓ **planta** de **cruz latina** de tres naves con **nártex**. A nave central máis ancha (8m) e alta (22 m).
- ✓ **Un cruceiro amplo** con catro absidiolas.
- ✓ **A cabeceira** é ampla con **notable ábsida central**, e **cinco capelas radiais**, sendo a central de testeiro plano.
- ✓ ten importante **xirola**
- ✓ tamén ten **tribuna** sobre as naves laterais.
- ✓ Aos pés ten nártex con **dúas torres** que non se conservan na súa totalidade.
- ✓ Ten tres grandes portas de acceso



Co seu deseño acádase o **espazo amplo** que unha igrexa das súas características requería

### Interior


*(a imaxe que probablemente nos poñan)*


Na imaxe vemos o **alzado interno da catedral** e amósanos unha estrutura con **dous andares**. Destaca a altura. É unha das **construcións románicas máis elevadas**, a maior igrexa de peregrinación do Camiño que sería asombro dos peregrinos. Este **alzado interno** amósanos una **estructura equilibrada**:

**1.-primeiro andar** con arcos formeiros que separan as naves, arcos de **medio punto dobres peraltados** separadas por **piars cruciformes**. Hai columnas que se prolongan ata as bóvedas e empatan cos arcos faxóns.

**2.-un segundo andar** no que se aprecia a **ampla tribuna** con ventás **xeminadas** e **columnas pareadas** dentro de gran arco de medio punto.

**3.-Por riba a cuberta abovedada**





## Cubertas

Polo que se refire as  **cubertas que son pétreas**  hai variedade

- ✓ na nave central **bóveda de canón** dividida en dez tramos con arcos faxóns .O mesmo se fai na nave central do cruceiro
- ✓ nas naves laterais, uso da **bóvedas de aresta**.
- ✓ No centro do cruceiro érguese un **ciborio con cúpula apoiada en trompas**.
- ✓ Un dos espazos máis complexos para ser cubertos foi a xirola e fixéronse unhas complicadas **bóvedas de aresta entrecruzadas**
- ✓ Na tribuna con **bóveda de cuarto de esfera** o mesmo que a maioría dos absidiolos.
- ✓

## Soportes

Para **sustentar o peso** desas cubertas pétreas na catedral

- **piares cruciformes** con columnas adosadas que alternan base cadrada e circular.
- Asemade a **tribuna, os muros e os contrafortes** axudan a contrarrestar os empuxes desas cubertas.

## Iluminación

A arquitectura románica é precaria no número de vans e sen embargo en Santiago estes eran abundantes (vans nas naves laterais, nas tribunas, na xirola, nos absidiolos e na torre do cruceiro) hoxe perdidos polos múltiples engadidos. Complementaban cos rosetóns da fachada.

Decoración: Céntrase:

- nas **fachadas** do edificio
- nos **capiteis** de tipo vexetal, con animais e historiados
- así como **taqueado xaqués** nos muros

## Exterior

Na actualidade o **exterior** está moi modificado e case non atopamos elementos románicos. A fachada do Obradoiro de Casas e Novoa, a fachada de Acibecheira...so Praterías conserva o aspecto de cando foi feita.

## Conclusión

Por todo o que acabamos de dicir, Santiago de Compostela **é un dos mellores exemplos de contrución románica e a mais harmónica das igrexas de peregrinación.**

É o resultado de múltiples influencias :

- **Prerrománica** como nos contrafortes, peralte de arcos, absidiolo central cadrado
- **Románico español** como en *San Isidoro* polo uso de bóvedas de canón e aresta
- **Musulmana** como nos arcos lobulados en Praterías
- **Románico francés**, na estrutura con xirola, tribuna

Pero **tamén aporta** novidades como:

- a creación dun **amplísima espazo** para satisfacer a necesidade de milleiros de peregrinos, o peralte dos arcos e da bóveda central
- e o **xeneroso triforio** que permitía a entrada da luz cara o interior,
- a esvelteza, a funcionalidade, a abundante iluminación....

Para concluír insistir **na harmonía construtiva e perfecta correlación (proporción) matemática** (*a anchura da nave central é dobre que laterais, o transepto é igual á distancia entre pés e cruceiro*) **entre todas as súas partes.**

**Quen son os autores? na imaxe probablemete vexamos a segunda fase constructiva**

A construción desta obra foi o resultado dun longo período, no que alternaron momentos de inactividade, e no que interviron distintos autores e promotores:

- **1º fase:** na que se realizou a cabeceira foi por encargo de **Diego Peláez** con Bernardo o Vello e Roberto ( e 50 canteiros)
- **2º fase:** arredor do 1100 na que o promotor foi **Diego Xelmirez**, e con Bernardo o Xove, o momento de maior impulso. Foi unha das etapas constructivas máis fructíferas xa que se realizou o transepto ata chegar aos pés da catedral. **Etapa** caracterizada por PUREZA FORMAL e máis altura.
- **3º fase:** o remate final e na que traballou o Mestre Mateo por encargo do monarca Fernando II. É o momento culminante coa realización do Pórtico da Gloria cunha linguaxe nova ( protogótica)

Pero a pesar desta etapas e variación o resultado final e unha construción de gran unidade estilística

---oOo---

**LECTURAS COMPLEMENTARIAS VOLUNTARIAS***(Ler)As datas máis importantes vinculadas coa catedral son:*

- 813 o **eremita Paio descobre o sepulcro** do apóstolo e comunícao ao bispo de Iria, Teodomiro.
- 830: Alfonso II inicia a construción da primeira capela sobre o sepulcro.
- 860-896: Alfonso III e Sinando constrúen a nova basílica en estilo asturiano, prerrománica.
- 997 razzia de Almanzor, que destrúe a igrexa anterior

**Etapas**

Foi comezada polo mestre Bernardo o Vello e o mestre Roberto con 50 canteiros franceses, continuada polo mestre Estebo, por Bernardo o Mozo, o Mestre Esteban e o Mestre Mateo, que responden ao tipo de mestres itinerantes que percorren os diferentes espazos en busca de traballo e por iso toman influencias variadas. A pesar de coñecer o nome dos artistas, naquel tempo concedíase máis importancia a quen encargaba a obr que era o que establecía o programa construtivo a seguir. Por outra banda na catedral faise mención a Santa Foy de Conques, igrexa francesa, e é que se especula coa orixe franca dos mestres que constrúen Santiago, aínda que para algúns investigadores non son os modelos franceses os puntos de referencia senón ao revés é Santiago o modelo.

*As etapas ou fases construtivas son:***Primeira fase: 1075-1088**

- **Bispo: Diego Peláez** que tras ser destituído ralentizaronse as obras
- **Monarca: Alfonso VI** de Castela- León
- **Mestres: Bernardo o Vello, Roberto e 50 canteiros** (recollen influencias das obras románicas hispánicas e francesas).
- **Obra: parte da cabeceira con tres capelas centrais da xirola e esa parte da xirola.** Os elementos arquitectónicos e decorativos desta fase recordan a construcións francesas (Santa Fe de Conques ou San Sernin de Toulouse). Quizás os mestres teñan esta última orixe. O mestre Bernardo **emprega bóvedas sen arcos de reforzo** e hai unha clara preferencia polos capiteis figurados moitos deles con representacións de animais afrontados. **O muro é organizado cun esquema de porta, ventá, óculo.**

**Segunda fase: 1093-1100/ 1100-1140 ( arredor 1100)**

As subdivisións obedecen a períodos de actividade e inactividade. Nesta fase é cando a catedral recibe **un maior impulso grazas** a contar con recursos económicos importantes.

- **Bispo: Diego Xelmírez**
- **Mestre: Estevo** que traballa en Santiago ata 1101 e **Bernardo o Xove.** O mestre Estevo fai un traballo arquitectónico máis complexo que Bernardo o Vello: **as formas son máis elevadas e os espazos máis amplos e as bóvedas reforzadas con arcos.**



- **Obra: resto da xirola e inicio do cruceiro. Tamén se constrúe a nave central, sete tramos, xa con Bernardo, ata as proximidades do Pórtico da Gloria.**

No ano 1103 chégase a Praterías. Neste período destacan dos feitos:

1. A demolición da basílica prerrománica de Alfonso III en 1112 cando se supón que estaba rematado o transepto
2. Incendio da catedral en 1117 debido as revoltas dos burgueses contra Xelmírez

Esta é unha fase construtiva na que a **obra gaña en altura** e se caracteriza sobre todo por **PUREZA FORMAL**, a pureza formal do románico que se aprecia claramente nos alzados. A decoración é austera con poucos capiteis figurados e con predominio dos de tipo vexetal onde se detecta un traballo repetitivo.

### **Terceira fase: 1168-1188**

- **Mestre: Mateo** e o seu obradoiro ao fronte das obras.
- **Monarca: Fernando II**
  
- **Obra: os últimos tramos da catedral e o Pórtico da Gloria e os seus alicerces (cripta) e tribuna sobre pórtico** . Aquí xa apararecen novas solucións como as bóvedas de crucería, os arcos apuntados que enlazan co gótico

Arredor de 1122 interrúmpense as obras e faltaban os dous últimos tramos da catedral e a fachada occidental que estaba proxectada pero non se levantou.

A catedral é consagrada no ano 1211

A pesar de ser construída deste xeito, en etapas ben diferenciadas a catedral presenta unha **grande unidade estilística** e cómpre fixarse para apreciar o traballo das diferentes mans.

### **Aspectos simbólicos da arquitectura románica**

*Toda a arte románica está impregnada dunha forte simboloxía. O templo é a morada do deus. O TEMPLO actúa como vínculo entre o ceo e a terra. A súa vez, dentro do templo, hai un centro, o altar, especialmente sagrado arredor do cal se ordena o conxunto. Polo tanto ordenación e orientación son determinantes na igrexa románica*

*As construcións románicas teñen a súa cabeceira orientada cara o Leste, a rexión da luz, onde nace o sol.*

*Desde o século IV xeneralízase a planta de cruz latina en clara referencia á imaxe da Crucifixión e ao longo da Idade Media crease un rico simbolismo referido á Igrexa :*

- *A igrexa como microcosmos*

*O microcosmos é a réplica a escala do macrocosmos, é dicir, é a réplica do universo por iso a igrexa románica inclúe a representación figurativa de todos os elementos que o integran, incluso o pecado e o demo*

- *A igrexa como navío*

*A igrexa denomínase metafóricamente nave de san Pedro, así que se asimila a un barco que navega ente as adversidades. A fachada é a proa e a ábsida é a popa. Esta barca ten que transportar aos crentes cara a vida futura, cara a vida da salvación.*

- *A igrexa como templo de Xerusalén*

*O templo de Xerusalén prefigura á igrexa cristiá.*

- *A igrexa como meta*

*Algunhas igrexas son a meta dun camiño de peregrinación. O camiño de peregrinación simboliza a vida entendida como unha viaxe penosa trala ca se obtén a salvación. Chegar ao templo é unha anticipación do encontro con Deus*

*Cada elemento arquitectónico ten un significado simbólico:*

**Cripta:** *é o mundo terrestre*

**Piares:** sosteñen a bóveda e polo tanto son o sostén do mundo celeste, da bóveda celeste. Tamén simbolizan o dogma, o **soporte da fe**

**Pedra angular** sobre a que se edifica toda a construción, simboliza o Evanxeo sobre o que se asenta a doutrina da Igrexa.

**Deambulatorio:** xunto aos absidiolos simboliza a **coroa de espiñas**

**Sillares:** as **almas perfectas**

**Cemento:** o que une a construción simboliza a caridade

**As torres:** ao seren verticais son o símbolo do vínculo ente os humanos e Deus

### **As orixes do Románico**

No século X fúndase en Cluny, na Borgoña francesa, un mosteiro. Alí vai ter lugar unha reforma, a cluniacense, que vai establecer a necesidade de venerar as reliquias que sexan custodiadas polos monxes. Na Europa do X, envolta no Terror ao Ano Mil asociado coa fin do mundo, vívese unha febre de devoción e gratitude ao ter superada tan difícil proba e todo Occidente se encheu de santuarios e devotos cristiás que peregrinaban por toda as rutas posibles para dar as grazas ao Pai Eterno. Esta devoción ía acompañada de donacións (as veces traballos gratuítos ou os propios fillos) ás ordes relixiosas e promoveu a construción de multitude de mosteiros polas marxes deses camiños de peregrinación, co que se estaba a difundir o novo estilo.

### **Caracteres xerais da arquitectura románica**

É un estilo bastante unitario, o cal quere dicir que é un estilo que presenta característica comúns en todos os seus edificios. O protagonismo é dos edificios relixiosos como igrexas, mosteiros e catedrais. Outros son construcións civís como murallas, castelos e pazos.

**Elementos construtivos:** os elementos construtivos que caracterizan este estilo son o arco de medio punto, a bóveda de canón e a bóveda de aresta

**Material:** o habitual é a pedra calcaria, granítica...regular

### **Elementos sustentantes**

muros.: Dobres paredes de sillería recheas con mampostería. Predomina macizo sobre van. Reforzados con contrafortes no exterior coinciden cos arcos faxóns

piar composto ou cruciforme. Nace pola necesidade de soste catro arcos: dous faxóns e dous formeiros (en plantas con tres naves)

columnas:

arcos de medio punto: polo xeral con outro máis estreito no intradós (arcos dobrados). Hainos na bóveda (arcos faxóns) nas naves (arcos formeiros) nos vans, nas portadas...

### **Elementos sustentados**

cuberta: soOn abovedadas e de pedra o que evita incendios e da solidez.

- De canon con arcos faxóns:na nave central. O arco axuda a soster e a articular o espazo.
- aresta nas laterais que permiten equilibrar mellor o peso.
- cuarto de esfera nas ábsides e absidiolos.
- Cúpula con pechinas ou trompas no cruceiro.

### **Decoración**

é moi variada: xeométrica (puntas de diamante, taqueado...); vexetal; figuras de animais e humans, monstros.... está decoración úbicase preferentemente na portada e nos capiteis

### **Mosteiros e claustros**

Vai a haber un importante aumento do número de mosteiros sobre todo bieitos da orde de Cluny e todos eles empregan a linguaxe románica. Constan de igrexa e claustro arredor de patios para as actividades relixiosas

### **Igrexa románica**

É lugar de reunión do clero e dos fieis. A súa forma e a súa decoraci3ns transmiten tamén a mensaxe relixiosa. O edificios máis importantes son as igrexas de peregrinaci3n. De menor importancia son as igrexas dos mosteiros ou as rurais.

Exteriores: edificios macizos con predominio da horizontal. Ciborio no cruceiro. Fachadas con torres e portadas con arquivoltas

Interiores: escuros cun clima de recollemento. Espazos articulados. Naves separadas con columnas

Planta: de cruz latina de unha ou tres naves. A central máis alta e ancha con bóvedas e arcos faxóns. O transepto marcado con capelas e cúpula no cruceiro. Na cabeceira con ábsides. Tamén poden ter xirola naquelas igrexas de peregrinaci3n. É frecuente a existencia de tribunas sobre naves laterales abovedadas que axudan a contrarrestar pesos das bóvedas

Portadas: adoitan ser abucinadas con arquivoltas decoradas, tímpanos, xambas e parteluz. Aquí se sitúa a decoraci3n escult3rica máis importante do templo

## **O Románico en Europa**

### **Francia**

Hai gran variedade construtiva. Destacou a Borgoña onde nace Cluny do que non queda case nada. Hoxe crese que antes de Cluny o románico apareceu en San Filiberto de Tournous. Nesta zona destaca tamén

*Santa María de Velezay cos seus arcos faixóns bicromos e a súa magnífica portada. San Pedro de Angulema no Poitu é singular polas súas cúpulas nas naves pero as máis destacables son San Sernin de Toulouse e Santa Fe de Conques, ambas de peregrinación. San Sernin con cinco naves e nove absidiolas parece moito a Santiago e con influencias mutuas. Santa Fe de Conques anterior a esta é unha fermosa igrexa de peregrinación con torres rematadas en chapiteis.*

### **En Italia**

*O Románico destaca polo seu cromatismo feito con materiais diferentes e influencia clásica do pasado. Destaca no norte, na Lombardía. Sobresae o conxunto de Pisa (a catedral de cinco naves, o campanile e baptisterio). Na Lombardía onde nace o Románico destaca San Zenon de Verona cos arquillos e bandas lombardas.*

### **En Inglaterra**

*Sinalar o carácter horizontal das construcións e a o interés polo decorativo. temos exemplos como Catedral de Durham*

### **En Alemaña**

*O Románico é monumental e usan as dobres ábsidas ou cabeceiras. Exemplo é a Catedral de Worms*

--oOo--